

[Video] A CIG-Industria alerta do deterioro das condicións laborais no naval vigués

CIG :: 26/10/2014

En un contexto en el que el desempleo alcanza cifras históricas, registrándose más de 6000 parados del sector sólo en la comarca de Vigo

Galego

A CIG-Industria alerta sobre o deterioro que se está a producir nas condicións de traballo do sector naval vigués, onde a situación de falta de carga de traballo está a ser aproveitada polos estaleiros que teñen actividade “para rebaixar os prezos até límites inviábeis para as poucas empresas auxiliares con estrutura que continúan vivas, o que as condena á desaparición”.

O responsábel nacional do Naval da CIG, César Rodríguez, denuncia as altas xornadas laborais a base de horas extras que continúan a imperar no sector “nun contexto no que o desemprego alcanza cifras históricas, rexistrándose máis de 6000 parados/as do sector só na comarca de Vigo”.

En concreto, Rodríguez citou os estaleiros Metalships e Armón, que seguen esta política laboral coa complicidade da Xunta e da Inspección de Traballo “a pesares das numerosas denuncias postas pola nosa central ante estes dous organismos no último ano e medio”.

Neste senso, indicou que o obxectivo prioritario da CIG é rematar coa precariedade no sector e lograr a máxima recuperación de compañeiros/as en desemprego “a través do reparto do traballo abolindo as horas extras”.

Castellano

La CIG-industria alerta sobre el deterioro que se está produciendo en las condiciones de trabajo del sector naval vigués, donde la situación de falta de carga de trabajo está siendo aprovechada por los astilleros que tienen actividad “para rebajar los precios hasta límites inviables para las pocas empresas auxiliares con estructura que continúan vivas, lo que las condena a la desaparición.

El responsable nacional del Naval de la CIG, César Rodríguez, denuncia las altas jornadas laborales a base de horas extras que continúan imperando en el sector “ en un contexto en el que el desempleo alcanza cifras históricas, registrándose más de 6000 parados del sector sólo en la comarca de Vigo”.

En concreto, Rodríguez ha citado los astilleros Metalships y Armón, que siguen esta política laboral con la complicidad de la Xunta y de la Inspección de Trabajo “ a pesar de las

numerosas denuncias puestas por nuestra central ante estos dos organismos en el último año y medio”.

En este sentido, ha indicado que el objetivo prioritario de la CIG es dar por finalizada la precariedad en el sector y lograr la máxima recuperación de compañeros/as en desempleo “ a través del reparto de trabajo eliminando las horas extra”.

<https://galiza.lahaine.org/video-a-cig-industria-alerta>